



Aprobado por
RA 3210
En acordo
de data: 09 NOV. 2009
O/A Secretario/a:

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN O CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DUNHA VARREDORA-ASPIRADORA PARA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE NOIA.

1. DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO .

1.1. Este prego ten por finalidade a definición técnica do obxecto do contrato administrativo de subministración dunha (1) varredora-aspiradora para o servizo de limpeza viaria do Concello de Noia.

1.2. O vehículo ofertado deberá reunir todas e cada unha das características técnicas que se sinalan a continuación, sen perxuízo de que estas poidan ser melloradas polos licitadores. A falta de cumprimento dalgunha será motivo suficiente para excluír da licitación a oferta:

- a) Motor diesel 18 c.v. (mínimo).
- b) Cabina pechada con ampla visibilidade, cristal de seguridade, dous espellos retrovisores e dúas portas de acceso.
- c) Accionamiento hidráulico para o desprazamento da máquina e para os órganos móbiles (cepillos, valeirado de tolva, etc).
- d) Recipiente de recollida de residuos de 500 litros mínimo, con posibilidade de descarga en alto, directa a contenedores urbanos.
- e) Dous cepillos frontais con dispositivo de pulverización de auga para evitar po.
- f) Tanque de auga limpa incorporado de 140 litros como mínimo.
- g) Aspiración central con turbina picadora para reducir volumes.
- h) Velocidade de desprazamento mínima: 15 Km/hora.
- i) Radio de xiro máximo : 3000 mm.
- j) Ancho de varrido \geq 1.400 mm.
- k) Fabricada con materiais de primeira calidade, cumprindo a normativa europea.
- l) A máquina será entregada matriculada.
- m) Incluírse no prezo do contrato un curso de manexo e funcionamento da mesma ás persoas que desenvolvan o traballo.
- n) Cor da carrocería: vermella.
- o) A máquina irá rotulada coa imaxe corporativa do concello.

2. ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

O orzamento de licitación do contrato será de corenta e nove mil seiscientos corenta e oito euros (49.648,00 €) IVE incluído, de acordo co seguinte desglose:

- orzamento sen IVE: corenta e dous mil oitocentos euros (42.800,00 €).
- IVE: seis mil oitocentos corenta e oito euros (6.848,00 €).
- orzamento con IVE: corenta e nove mil seiscientos corenta e oito euros (49.648,00 €).

3. PRAZO DE ENTREGA E ACTA DE RECEPCIÓN.

3.1. O prazo de entrega da varredora-aspiradora fíxase en quince (15) días hábiles, contados desde o día da sinatura do contrato administrativo de subministración. Ao cumprimento deste prazo, como máximo, deberá ter sido entregado o obxecto deste contrato con tódalas características técnicas recollidas na cláusula anterior.

3.2. O contratista procederá á entrega do vehículo, en horario de 9,00 a 14,00 horas, de luns a venres, diante da Casa do Concello de Noia, situada na rúa Rosalía de Castro, número 2, Noia, previa

comunicación, por escrito, dirixida ao señor Alcalde, cando menos con 24 horas de antelación.

3.3. Ao acto de entrega deberá asistir un representante da administración, un técnico municipal e o representante do contratista, aos efectos de comprobar que reúne todos os requisitos do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. No mesmo acto ou durante, como máximo, o mes seguinte, poderanse realizar as comprobacións que se esimen oportunas, cuxo resultado faranse constar na correspondente acta.

3.4. A acta de recepción deberá levantarse no prazo máximo dun mes desde a entrega. De observarse algún defecto ou por calquera motivo a varredora-aspiradora non se atopa en estado de ser recibida farase constar así nesta e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado, sen perxuízo das correspondentes penalidades por retrasos na prestación da subministración e/ou a indemnización dos danos e perxuizos causados, de selo caso.

Con carácter previo á formalización da acta de recepción, deberá quedar fixado o/s día/s e horario do curso de manexo e funcionamento da varredora-aspiradora ás persoas que desenvolvan o traballo que serán determinadas polo Concello de Noia.

Noia, 20 de outubro de 2009.
O técnico municipal,

Asdo. Torcuato Gómez Gómez.

